

poderá, voluntariamente, prolonga-la súa idade de xubilación ata alcanza-laos 35 anos de cotización á Seguridade Social, co límite dun máximo de cinco anos sobre a idade fixada no artigo 26.2 desta lei e sempre que quede acreditado que reúne a capacidade funcional necesaria para exercer-la profesión ou desenvolve-las funcións correspondentes ó seu nomeamento.

Disposición derogatoria única. *Derogación de normas.*

1. Quedan derogadas, ou consideraranse, se é o caso, inaplicables ó persoal estatutario dos servizos de saúde, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ou contradigan o disposto nesta lei e, especialmente, as seguintes:

a) O número 1 do artigo 84 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

b) O Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, e as disposicións e acordos que o complementan e desenvolven.

c) A Lei 30/1999, do 5 de outubro, de selección e provisión de prazas de persoal estatutario dos servizos de saúde.

d) O Real decreto lei 1/1999, do 8 de xaneiro, sobre selección de persoal estatutario e provisión de prazas nas institucións sanitarias da Seguridade Social.

e) O Estatuto xurídico do persoal médico da Seguridade Social aprobado polo Decreto 3160/1966, do 23 de decembro, e as disposicións que o modifican, complementan e desenvolven.

f) O Estatuto de persoal sanitario non facultativo das institucións sanitarias da Seguridade Social aprobado pola Orde do 26 de abril de 1973, con excepción do seu artigo 151, así como as disposicións que o modifican, complementan e desenvolven.

g) O Estatuto de persoal non sanitario das institucións sanitarias da Seguridade Social aprobado pola Orde do 5 de xullo de 1971, e as disposicións que o modifican, complementan e desenvolven.

2. A entrada en vigor desta lei non suporá a modificación ou derogación dos pactos e acordos vixentes naqueles aspectos que non se opoñan ou contradigan o establecido nela.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación competencial.*

1. As disposicións desta lei díctanse ó abeiro do artigo 149.1.18.^a da Constitución, polo que constitúen bases do réxime estatutario do persoal incluído no seu ámbito de aplicación.

2. A disposición adicional segunda díctase, ademais, ó abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que as súas previsións constitúen bases da sanidade.

3. Exceptúanse do establecido no anterior número 1 a disposición adicional segunda, en canto ó persoal con vínculo laboral dos centros sanitarios a que ela se refire, e a disposición transitoria primeira, que se dictan ó abeiro do artigo 149.1.7.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Informes sobre financiamento.*

O órgano colexiado interministerial previsto na disposición derradeira segunda da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, emitirá informe preceptivamente sobre aqueles asuntos derivados da aplicación desta lei.

Sen prexuízo da responsabilidade financeira das comunidades autónomas conforme o establecido na Lei 21/2001, do 27 de decembro, e de acordo co principio de lealdade institucional nos termos do artigo 2.1.e) da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, o informe elaborado será presentado polo dito órgano colexiado ó Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Pola súa parte, o Ministerio de Facenda trasladará este informe ó Consello de Política Fiscal e Financeira, para proceder á súa análise, no contexto dese principio de lealdade institucional e, se é o caso, propoñan as medidas necesarias para garanti-lo equilibrio financeiro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23102 LEI 56/2003, do 16 de decembro, de emprego. («BOE» 301, do 17-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A vixente Lei básica de emprego 51/1980, do 8 de outubro, aprobouse nun contexto en que a situación socioeconómica, tecnolóxica e de organización territorial presentaba uns perfís ben distintos dos actuais. Esta situación caracterizábase pola existencia dun único servizo público de emprego, que actuaba formalmente en réxime de monopolio, centralizado arredor do Instituto Nacional de Emprego e con competencia na totalidade do territorio estatal. A implantación das políticas activas era moi moderada, mentres que a protección por desemprego era concibida exclusivamente como prestación económica nas situacións de falta de traballo.

Durante os últimos anos, o contorno social, económico, organizativo e tecnolóxico experimentou cambios fundamentais.

Efectivamente, en primeiro termo, a evolución do mercado de traballo no longo período de tempo transcorrido desde a aprobación da Lei básica de emprego viu cómo se producían situacións de perda de postos de traballo, con expulsión deste dos colectivos máis sensibles, á vez que aumentaba a dificultade do seu acceso ó emprego, o desemprego e as taxas de temporalidade na contratación, acentuándose os desequilibrios territoriais.

A carón disto, producíronse situacións expansivas que permitiron a creación de emprego. Non obstante, persiste unha alta taxa de paro e unha baixa taxa de ocupación, comparativamente coas cifras da Unión Europea,

especialmente para o colectivo de mulleres. Ademais, mantéñense dificultades de incorporación ó mercado de traballo de determinados colectivos, con especial incidencia no paro de longa duración, carencias de capacitación da poboación traballadora, retencións á mobilidade xeográfica e funcional, desequilibrios entre os distintos mercados de traballo, unha excesiva temporalidade na ocupación e unha escasa taxa de participación dos servizos públicos de emprego na intermediación laboral.

Diversos factores adicionais afectaron o mercado de traballo nestes anos: a evolución demográfica, primeiro coa presión exercida polos mozos no acceso ó seu primeiro emprego e, posteriormente, co envellecemento da poboación activa; o fenómeno inmigratorio, coa conseguinte chegada de importantes recursos humanos procedentes do exterior ó noso mercado de traballo; doutra parte, o desenvolvemento fulgurante das tecnoloxías da información e da comunicación; a nova orientación da política social (da asistencia pasiva ós incentivos para a reinserción laboral), ou a apertura ós axentes privados dos servizos de información, orientación e intermediación, constitúen un conxunto formidable de retos ós que se enfronta unha política de emprego tendente ó pleno emprego.

Pero non só se transformou e se volveu máis complexo o mercado de traballo en que actúan os servizos públicos de emprego, tamén cambiou o contorno político e institucional. O método tradicional de xestión estatal do mercado de traballo deu paso a formulacións máis descentralizadas con transferencias de funcións e servizos para a execución das políticas activas de emprego ás comunidades autónomas. Doutra parte, o financiamento destas políticas ten un compoñente importante de fondos procedentes da Unión Europea, a través do Servizo Público de Emprego Estatal, mesmo cando as administracións autonómicas levan a cabo a xestión destas.

Na actualidade, os servizos públicos de emprego deben actuar nun contorno máis competitivo, complexo e dinámico e deben posicionarse no mercado prestando un servizo de calidade ós seus usuarios.

Por último, a globalización da economía e o progreso de integración europea xa non permiten pensar e actuar só en clave nacional. A estratexia de coordinación de políticas iniciada na Unión Europea —política económica, a través das grandes orientacións de política económica, e política de emprego, a través das directrices de emprego e os plans nacionais de acción para o emprego, en coordinación coa estratexia de inclusión social— obriga o Estado español a establecer obxectivos cuantificados de actuación con desempregados, toda vez que a Unión Europea vincula a distribución de fondos europeos (Fondo Social Europeo) ó logro destes obxectivos, o que necesariamente obriga ó establecemento de mecanismos que fagan posible o seu cumprimento.

Neste contexto, esta lei ten por obxectivo incrementar a eficiencia do funcionamento do mercado de traballo e mellorar as oportunidades de incorporación a este para conseguir o obxectivo do pleno emprego, en liña co que reiteradamente os xefes de Estado e de Goberno viñeron acordando nos cumios da Unión Europea, desde o inicio do proceso de Luxemburgo ata a súa ratificación no Cumio de Barcelona. Isto tradúcese en ofrecerlles ós desempregados, baixo os principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación, transparencia, gratuidade, efectividade e calidade na prestación de servizos, unha atención preventiva e personalizada polos servizos públicos de emprego, con especial atención ós colectivos desfavorecidos, entre os cales as persoas con discapacidade ocupan un lugar preferente. As políticas de emprego deben funcionar como instrumentos incenti-

vadores para a incorporación efectiva dos desempregados ó mercado de traballo, estimulando a busca activa de emprego e a mobilidade xeográfica e funcional.

Desde unha perspectiva de harmonización do novo modelo coa actual distribución de competencias constitucionais entre o Estado e as comunidades autónomas en materia de política de emprego, os obxectivos céntranse en asegurar a cooperación e coordinación entre as administracións implicadas de modo que se logre a máxima efectividade mobilizando e optimizando tódolos recursos dispoñibles. O instrumento nuclear para conseguir tal finalidade é o Sistema Nacional de Emprego, considerado este como un conxunto de estruturas, medidas e accións necesarias para promover e desenvolver a política de emprego, que ten como finalidade o desenvolvemento de programas e medidas tendentes á consecución do pleno emprego nos termos acordados no Cumio de Xefes de Estado e de Goberno de Lisboa. Este sistema está integrado polo Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos das comunidades autónomas. Os seus órganos son a Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e o Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego. Os seus instrumentos, o Plan nacional de acción para o emprego, o Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego e o Sistema de información dos servizos públicos de emprego. A participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas neste sistema, así coma nos servizos públicos de emprego estatal e das comunidades autónomas, ademais de ser necesaria nun modelo constitucional coma o español e respectuosa cos nosos compromisos internacionais, achega, finalmente, maiores garantías de cohesión e éxito ó proxecto.

Finalmente, é obxectivo esencial da lei a definición da intermediación laboral, instrumento básico da política de emprego, na cal cabe a colaboración coa sociedade civil, con respecto ós principios constitucionais e de acordo con criterios de obxectividade e eficacia. A lei establece tamén un concepto máis moderno das políticas activas de emprego, verdadeiras ferramentas de activación fronte ó desemprego, que se complementan e relacionan coa prestación económica por desemprego e se articulan arredor de itinerarios de atención personalizada ós demandantes de emprego, en función das súas características e requirimentos persoais e profesionais.

TÍTULO PRELIMINAR

Da política de emprego

CAPÍTULO ÚNICO

Normas xerais

Artigo 1. *Definición.*

Tendo en conta o establecido nos artigos 40 e 41 da Constitución, a política de emprego é o conxunto de decisións adoptadas polo Estado e as comunidades autónomas que teñen por finalidade o desenvolvemento de programas e medidas tendentes á consecución do pleno emprego, así como a calidade no emprego, á adecuación cuantitativa e cualitativa da oferta e demanda de emprego, á redución das situacións de desemprego e á debida protección nas situacións de desemprego.

A política de emprego desenvolverase, dentro das orientacións xerais da política económica, no ámbito da estratexia coordinada para o emprego regulada polo Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

Artigo 2. *Obxectivos da política de emprego.*

Son obxectivos xerais da política de emprego:

a) Garanti-la efectiva igualdade de oportunidades e a non-discriminación, tendo en conta o previsto no artigo 9.2 da Constitución española, no acceso ó emprego e nas accións orientadas a conseguilo, así como a libre elección de profesión oficio sen que poida prevalecer ningunha discriminación, nos termos establecidos no artigo 17 do Estatuto dos traballadores.

Estes principios serán de aplicación ós nacionais de Estados membros do Espacio Económico Europeo e, nos termos que determine a normativa reguladora dos seus dereitos e liberdades, ós restantes estranxeiros.

b) Manter un sistema eficaz de protección ante as situacións de desemprego, que comprende as políticas activas de emprego e as prestacións por desemprego, asegurando a coordinación entre elas e a colaboración entre os distintos entes implicados na execución da política de emprego e na súa xestión e a interrelación entre as distintas accións de intermediación laboral.

c) Adoptar un enfoque preventivo fronte ó desemprego, especialmente de longa duración, facilitando unha atención individualizada ós desempregados, mediante accións integradas de políticas activas que melloren a súa ocupabilidade.

Igualmente, a política de emprego tenderá a adoptar un enfoque preventivo fronte ó desemprego e de anticipación do cambio a través de accións formativas que lle faciliten ó traballador o mantemento e a mellora da súa cualificación profesional, empregabilidade e, de se-lo caso, recualificación e adaptación das súas competencias profesionais ós requirimentos do mercado de traballo.

d) Asegurar políticas adecuadas de integración laboral dirixidas a aqueles colectivos que presenten maiores dificultades de inserción laboral, especialmente mozos, mulleres, discapacitados e parados de longa duración maiores de 45 anos.

e) Mante-la unidade do mercado de traballo en todo o territorio estatal, tendo en conta as características específicas e diversas dos diferentes territorios e promovendo a corrección dos desequilibrios territoriais e sociais.

f) Asegura-la libre circulación dos traballadores e facilita-la mobilidade xeográfica, tanto no ámbito estatal coma no europeo, dos que desexan trasladarse por razóns de emprego.

g) Coordina-la súa articulación coa dimensión do fenómeno migratorio interno e externo, de acordo co establecido nas letras a) e d) en colaboración coas comunidades autónomas, no marco das súas respectivas competencias.

Artigo 3. *Planificación e execución da política de emprego.*

1. No ámbito de competencia estatal correspóndelle ó Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, no marco dos acordos adoptados pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, a coordinación da política de emprego.

Igualmente, correspóndelle ó Goberno, por proposta do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, e logo de informe deste ministerio á Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, a aprobación dos proxectos de normas con rango de lei e a elaboración e aprobación das disposicións regulamentarias en relación coa intermediación e colocación no mercado de traballo, fomento de emprego, protección por desemprego, formación profesional ocupacional e continua no ámbito estatal, así como o desenvolvemento desta ordenación, todo isto sen prexuí-

zo das competencias que en materia de estranxeiría corresponden ó Ministerio do Interior.

En calquera caso, correspóndelle ó Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a xestión e o control das prestacións por desemprego.

2. De conformidade coa Constitución e os seus estatutos de autonomía, correspóndelles ás comunidades autónomas no seu ámbito territorial o desenvolvemento da política de emprego, o fomento do emprego e a execución da lexislación laboral e dos programas e medidas que lles fosen transferidos.

3. Os plans nacionais de acción para o emprego serán elaborados polo Goberno, a través do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais coa participación das comunidades autónomas, e definiranse de acordo coa Estratexia Europea de Emprego, configurándose como un instrumento esencial de planificación da política de emprego. Así mesmo, contarase coa participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas. As medidas contidas nos plans nacionais de acción para o emprego estarán coordinadas e integradas co resto de políticas de orixe estatal e da Unión Europea e, especialmente, coas establecidas nos plans de integración social, coas que deberán garda-la coherencia necesaria para garanti-la súa máxima efectividade.

As comunidades autónomas, nos seus respectivos ámbitos territoriais, establecerán os seus programas de emprego, de acordo coas obrigas establecidas pola Estratexia Europea de Emprego, a través dos plans nacionais de acción para o emprego.

Artigo 4. *A dimensión local da política de emprego.*

De acordo co establecido na Estratexia Europea de Emprego, as políticas de emprego no seu deseño e modelo de xestión deberán ter en conta a súa dimensión local para axustalas ás necesidades do territorio, de maneira que favorezan e apoiem as iniciativas de xeración de emprego no ámbito local.

De conformidade coa Constitución, cos estatutos de autonomía e coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas establecerán os mecanismos de colaboración oportunos e, de se-lo caso, de participación coas corporacións locais para a execución dos programas e medidas das políticas activas de emprego.

TÍTULO I

O Sistema Nacional de Emprego

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 5. *Concepto.*

Enténdese por Sistema Nacional de Emprego o conxunto de estruturas, medidas e accións necesarias para promover e desenvolve-la política de emprego. O Sistema Nacional de Emprego está integrado polo Servicio Público de Emprego Estatal e os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas.

Artigo 6. *Fins.*

1. O Sistema Nacional de Emprego deberá garanti-lo cumprimento dos seguintes fins:

a) Fomenta-lo emprego e apoia-la creación de postos de traballo, en especial dirixidos a persoas con maior dificultade de inserción laboral.

b) Ofrecer un servizo de emprego público e gratuíto a traballadores e empresarios, capaz de capta-las ofertas de emprego do mercado de traballo, sobre a base dunha atención eficaz e de calidade orientada a incrementar progresivamente as súas taxas de intermediación laboral.

c) Facilita-la información necesaria que lles permita ós demandantes de emprego encontraren un traballo ou melloraren as súas posibilidades de ocupación, e ós empregadores, contrataren os traballadores adecuados apropiados ás súas necesidades, asegurando o principio de igualdade no acceso dos traballadores e empresarios ós servizos prestados polo servizo público de emprego.

d) Asegurar que os servizos públicos de emprego, no ámbito das súas respectivas competencias, aplican as políticas activas conforme os principios de igualdade e non-discriminación, nos termos previstos no artigo 9 da Constitución, e promoven a superación dos desequilibrios territoriais.

e) Garanti-la aplicación das políticas activas de emprego e da acción protectora por desemprego.

f) Asegura-la unidade do mercado de traballo en todo o territorio español e a súa integración no mercado único europeo, así como a libre circulación dos traballadores.

g) Impulsa-la cooperación do servizo público de emprego e das empresas naquelas accións de políticas activas e cualificación profesional que estas desenvolven e que poidan resultar efectivas para a integración laboral, a formación ou recualificación dos desempregados.

2. No cumprimento destes fins, o Sistema Nacional de Emprego será obxecto de avaliación periódica co fin de adecua-las súas estruturas, medidas e accións ás necesidades reais do mercado laboral.

Artigo 7. *Órganos do Sistema Nacional de Emprego.*

1. Os órganos do Sistema Nacional de Emprego son:

a) A Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, que é o instrumento xeral de colaboración, coordinación e cooperación entre a Administración do Estado e a das comunidades autónomas en materia de política de emprego e especialmente na elaboración dos plans nacionais de acción para o emprego. Así mesmo, correspóndelle a aprobación do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego.

b) O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, que é o órgano consultivo de participación institucional en materia de política de emprego. O Consello estará integrado por un representante de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración xeral do Estado, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais máis representativas. Para a adopción de acordos ponderaranse os votos das organizacións empresariais e os das organizacións sindicais para que cada unha destas dúas representacións conte co mesmo peso có conxunto dos representantes de ámbalas administracións, mantendo así o carácter tripartito do Consello. Regulamentariamente determinaranse as súas funcións, en consonancia coas atribuídas ó Sistema Nacional de Emprego polo artigo 9 desta lei, entre as que se encontra a de consulta e informe do Plan nacional de acción para o emprego e do Programa anual de traballo do dito Sistema Nacional de Emprego.

2. A coordinación do Sistema Nacional de Emprego efectuarase principalmente a través dos seguintes instrumentos:

a) O Plan nacional de acción para o emprego.

b) O Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego.

c) O sistema de información dos servizos públicos de emprego.

Artigo 8. *Principios de organización e funcionamento.*

A organización e funcionamento do Sistema Nacional de Emprego basearase nos seguintes principios:

1. Participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas no Servizo Público de Emprego Estatal e nos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, na forma en que estes determinen, de acordo co previsto nesta lei.

2. Transparencia no funcionamento do mercado de traballo e establecemento das políticas necesarias para asegura-la libre circulación de traballadores por razóns de emprego ou formación, tendo en conta como elementos esenciais para garantir este principio os seguintes:

a) Integración, compatibilidade e coordinación dos sistemas de información. O Servizo Público de Emprego Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas colaborarán na creación, explotación e mantemento dun sistema de información común que se organizará cunha estrutura informática integrada e compatible. Isto permitirá levar a cabo de forma adecuada as funcións de intermediación laboral sen barreiras territoriais, o rexistro de paro, as estatísticas comúns, a comunicación do contido dos contratos e o seguimento e control da utilización de fondos procedentes da Administración xeral do Estado ou europea para a súa xustificación.

b) Existencia dun sitio común en rede telemática que posibilite o coñecemento polos cidadáns das ofertas, demandas de emprego e oportunidades de formación existentes en todo o territorio do Estado, así coma no resto dos países do Espacio Económico Europeo, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Os servizos públicos de emprego son os responsables de asumir, nos termos establecidos nesta lei, a execución das políticas activas de emprego, sen prexuízo de que se poidan establecer instrumentos de colaboración con outras entidades, que actuarán baixo a súa coordinación. Estas entidades deberán respectar en todo caso os principios de igualdade e non-discriminación.

A colaboración de tales entidades orientarase en función de criterios obxectivos de eficacia, calidade e especialización na prestación do servizo encomendado, de acordo en todo caso co establecido na normativa correspondente. A colaboración dos interlocutores sociais deberase considerar de maneira específica.

4. Calidade na prestación do servizo, favorecendo o impulso e a permanente mellora dos servizos públicos de emprego para adaptarse ás necesidades do mercado de traballo, con aproveitamento das novas tecnoloxías como elemento dinamizador do cambio, con dotación suficiente de recursos humanos e materiais que posibiliten unha atención especializada e personalizada tanto ós demandantes de emprego como ás empresas.

Artigo 9. *Funcións do Sistema Nacional de Emprego.*

1. Aplica-la Estratexia Europea de Emprego, no marco das súas competencias, a través dos plans nacionais de acción para o emprego.

2. Garanti-la coordinación e cooperación do Servizo Público de Emprego Estatal e dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, prestando especial atención á coordinación entre as políticas activas de emprego e as prestacións por desemprego.

3. Establecer obxectivos concretos e coordinados a través do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego que permitan avalia-los resultados e a

eficacia das políticas de emprego e definir indicadores comparables.

4. Impulsar e coordina-la permanente adaptación dos servizos públicos de emprego ás necesidades do mercado de traballo, no marco dos acordos que se alcancen na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais.

5. Informar, propor e recomendar ás administracións públicas sobre cuestións relacionadas coas políticas activas de emprego.

6. Analiza-lo mercado laboral nos distintos sectores de actividade e ámbitos territoriais co fin de adecua-las políticas activas de emprego ás súas necesidades, así como para determina-la situación nacional de emprego que contribúa á fixación das necesidades de traballadores estranxeiros, de acordo coa normativa derivada da política migratoria.

CAPÍTULO II

O Servizo Público de Emprego Estatal

Artigo 10. *Concepto.*

O Servizo Público de Emprego Estatal é o organismo autónomo da Administración xeral do Estado ó que se lle encomenda a ordenación, o desenvolvemento e o seguimento dos programas e medidas da política de emprego, no marco do establecido nesta lei.

Artigo 11. *Natureza e réxime xurídico.*

O Servizo Público de Emprego Estatal é un organismo autónomo dos previstos no capítulo II do título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, adscrito ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, a través do seu titular.

Como organismo autónomo ten personalidade xurídica propia e independente da Administración xeral do Estado, plena capacidade de obrar para o cumprimento das súas funcións, patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión, rexéndose polo establecido na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei xeral orzamentaria e nas demais disposicións de aplicación ós organismos autónomos da Administración xeral do Estado.

Artigo 12. *Organización.*

O Servizo Público de Emprego Estatal artículase arredor dunha estrutura central e dunha estrutura periférica, para o cumprimento das súas competencias. As organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán, de forma tripartita e paritaria, nos seus órganos correspondentes.

En todo caso, a estrutura central dotarase dun consello xeral e dunha comisión executiva, cunha composición e funcións que se establecerán regulamentariamente, de acordo coas competencias atribuídas ó Servizo Público de Emprego Estatal.

Artigo 13. *Competencias.*

O Servizo Público de Emprego Estatal terá as seguintes competencias:

a) Elaborar e elevar ó Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais as propostas normativas de ámbito estatal en materia de emprego que procedan.

b) Formula-lo anteproxecto de orzamento de ingresos e gastos.

c) Percibi-las axudas de fondos europeos para o cofinanciamento de accións á conta do seu orzamento e proceder á xustificación destas, a través da autoridade de xestión designada pola normativa da Unión Europea.

d) Colaborar coas comunidades autónomas na elaboración do Plan nacional de acción para o emprego, axustado á Estratexia Europea de Emprego, e do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego. As organizacións empresariais e sindicais máis representativas participarán na elaboración do citado Plan nacional de acción para o emprego e recibirán información periódica sobre o seu desenvolvemento e avaliación. Esta periodicidade non deberá ser superior a seis meses.

e) Xestiona-los programas financiados con cargo á reserva de crédito establecida no seu orzamento de gastos. Estes programas serán:

1.º Programas a execución dos cales afecte un ámbito xeográfico superior ó dunha comunidade autónoma, cando estes esixan a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes neles a outra comunidade autónoma distinta da súa e precisen dunha coordinación unificada.

2.º Programas para a mellora da ocupación dos demandantes de emprego mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou cos seus organismos autónomos para a realización de accións formativas e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativas a competencias exclusivas do Estado.

3.º Programas de intermediación e políticas activas de emprego que teñan como obxectivo a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizados nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.

A reserva de crédito a que fai referencia esta letra e) dotarase anualmente, logo de informe da Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais, pola Lei de orzamentos xerais do Estado. Dos resultados das actuacións financiadas con cargo a eles informarase anualmente a esta conferencia sectorial.

f) Levar a cabo investigacións, estudos e análises sobre a situación do mercado de traballo e os instrumentos para melloralo, en colaboración coas respectivas comunidades autónomas.

g) Mante-las bases de datos que garantan o rexistro público de ofertas, demandas e contratos, mante-lo observatorio das ocupacións e elabora-las estatísticas en materia de emprego a nivel estatal.

h) A xestión e o control das prestacións por desemprego, sen prexuízo da misión de vixilancia e esixencia do cumprimento das normas legais e regulamentarias sobre obtención e desfrute das prestacións do sistema da Seguridade Social que o artigo 3 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da inspección de traballo e Seguridade Social, lles atribúe ós funcionarios do corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social e do corpo de subinspectores de Emprego e Seguridade Social.

Para os efectos de garanti-la coordinación entre políticas activas e prestacións por desemprego, a xestión desta prestación desenvolverase mediante sistemas de cooperación cos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas. O Servizo Público de Emprego Estatal deberá colaborar coas comunidades autónomas que asumisen o traspaso das competencias.

i) Calquera outra competencia que legal ou regulamentariamente se lle atribúa.

Artigo 14. *Elaboración de orzamentos de fondos de emprego de ámbito nacional.*

1. O Estado, a través do Servicio Público de Emprego Estatal, ten as competencias en materia de fondos de emprego de ámbito nacional, que figurarán no seu orzamento debidamente identificados e desagregados. Estes fondos, que non forman parte do custo efectivo dos trasposos de competencias de xestión ás comunidades autónomas, distribuiranse de conformidade co establecido na normativa orzamentaria, cando correspondan a programas dos que fose transferida a xestión.

2. Na distribución dos fondos ás comunidades autónomas acordada na Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais identificarase aquela parte deles destinada a políticas activas para os colectivos que especificamente se determinen de acordo coas prioridades da Estratexia Europea de Emprego e tendo en conta as peculiaridades existentes nas diferentes comunidades autónomas, co fin de garanti-lo cumprimento do Plan nacional de emprego.

Será obxecto de devolución ó Servicio Público de Emprego Estatal os fondos con destino específico que non se utilizasen para tal fin, salvo que por circunstancias excepcionais, sobrevidas e de urxente atención, estes fondos deban utilizarse para outros colectivos dentro das finalidades orzamentarias específicas, precisando noutro caso informe do Ministerio de Facenda. En todo caso, o Servicio Público de Emprego Estatal e o correspondente órgano da comunidade autónoma acordarán a reasignación de tales fondos, reasignación que en ningún caso dará lugar á modificación do orzamento do Servicio Público de Emprego Estatal.

3. Do total dos fondos de emprego de ámbito nacional establecerase unha reserva de crédito, non suxeita á distribución a que se fai referencia nos puntos anteriores, para xestionar polo Servicio Público de Emprego Estatal os programas sinalados na letra e) do artigo 13 desta lei.

Artigo 15. *Políticas activas cofinanciadas polos fondos da Unión Europea.*

1. Na distribución dos fondos que xestionarán as comunidades autónomas a que se refire o artigo anterior, segundo o procedemento previsto na Lei xeral orzamentaria, identificaranse os programas cofinanciados polos fondos da Unión Europea.

2. Cando as políticas activas estean cofinanciadas por fondos da Unión Europea, as comunidades autónomas que asumisen a súa xestión asumirán, igualmente, a responsabilidade financeira derivada do cumprimento dos requisitos recollidos na lexislación comunitaria aplicable.

Artigo 16. *Órganos de seguimento e control dos fondos.*

1. Son órganos de seguimento e control dos fondos de emprego de ámbito nacional:

- a) O Servicio Público de Emprego Estatal.
- b) Os órganos das comunidades autónomas, respecto da xestión transferida.
- c) A Inspección de Traballo e Seguridade Social.
- d) A Intervención Xeral da Administración do Estado.
- e) O Tribunal de Contas.
- f) Na medida en que os fondos estean cofinanciados pola Unión Europea, os órganos correspondentes desta, así como, no ámbito estatal, os organismos designados como autoridades de xestión e autoridades pagadoras dos fondos estruturais.

2. As accións de control exerceranas estes órganos de conformidade coa normativa que lles é de aplicación.

CAPÍTULO III

Os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas

Artigo 17. *Concepto e competencias.*

1. Enténdese por servicio público de emprego das comunidades autónomas os órganos ou entidades destas ós cales as devanditas administracións lles encomenden, nos seus respectivos ámbitos territoriais, o exercicio das funcións necesarias para a xestión da intermediación laboral, segundo o establecido no artigo 20 e seguintes desta lei, e das políticas activas de emprego, a que se refiren os artigos 23 e seguintes desta mesma disposición.

2. Os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servicio de Emprego Público Estatal participarán na elaboración da proposta do Programa anual de traballo do Sistema Nacional de Emprego, para a súa aprobación pola Conferencia Sectorial de Asuntos Laborais e posterior execución nos seus respectivos ámbitos territoriais.

Artigo 18. *Organización.*

Os servicios públicos de emprego das comunidades autónomas, en función da súa capacidade de autoorganización, dotaranse dos órganos de dirección e estrutura para prestación do servicio ó cidadán.

Os devanditos servicios públicos de emprego contarán coa participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas nos órganos de representación de carácter consultivo, na forma en que prevean as comunidades autónomas, tendo esta participación carácter tripartito e paritario.

Artigo 19. *Financiamento autonómico das políticas activas de emprego.*

As políticas activas desenvoltas nas comunidades autónomas e o financiamento das cales non lle corresponda ó Servicio Público de Emprego Estatal, ou de se-lo caso as complementarias das do Servicio Público Estatal, financiaranse, de se-lo caso, coas correspondentes partidas que os orzamentos da comunidade autónoma establezan, así como coa participación nos fondos procedentes da Unión Europea.

TÍTULO II

Instrumentos da política de emprego

CAPÍTULO I

A intermediación laboral

Artigo 20. *Concepto.*

A intermediación laboral é o conxunto de accións que teñen por obxecto pór en contacto as ofertas de traballo cos demandantes de emprego para a súa colocación. A intermediación laboral ten como finalidade proporcionarlles ós traballadores un emprego adecuado ás súas características e facilitarlles ós empregadores os traballadores máis apropiados ós seus requirimentos e necesidades.

Artigo 21. Axentes da intermediación.

Para efectos do Sistema Nacional de Emprego, a intermediación no mercado de traballo realizarase a través:

- a) Dos servizos públicos de emprego, por si mesmos ou a través das entidades que colaboren con eles.
- b) Das axencias de colocación, debidamente autorizadas.
- c) Daqueloutros servizos que regulamentariamente se determinen para os traballadores no exterior.

Artigo 22. Principios básicos da intermediación dos servizos públicos de emprego.

1. Os servizos públicos de emprego asumen a dimensión pública da intermediación laboral, ben que poderán establecer con outras entidades convenios, acordos ou outros instrumentos de coordinación que teñan por obxecto favorecer a colocación de demandantes de emprego.

2. A intermediación laboral realizada polos servizos públicos de emprego e as axencias de colocación, así como as accións de intermediación que poidan realizar outras entidades colaboradoras daqueles, prestaranse de acordo cos principios constitucionais de igualdade de oportunidades no acceso ó emprego e non-discriminación, garantíndose a plena transparencia no seu funcionamento.

3. Co fin de asegurar o cumprimento dos citados principios, os servizos públicos de emprego garantirán que o proceso específico de selección e casación entre oferta de traballo e demanda de emprego corresponde, con carácter xeral, ó servizo público de emprego e ás axencias de colocación debidamente autorizadas.

No suposto de colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, os servizos públicos de emprego poderán contar con entidades colaboradoras especializadas para realizar o proceso a que se refire a alínea anterior.

4. A intermediación laboral realizada polos servizos públicos de emprego, por si mesmos ou a través das entidades que colaboren con eles, conforme o establecido neste capítulo, realizarase de forma gratuíta para os traballadores e para os empregadores.

CAPÍTULO II**As políticas activas de emprego****Artigo 23. Concepto de políticas activas de emprego.**

1. Enténdese por políticas activas de emprego o conxunto de programas e medidas de orientación, emprego e formación que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ó emprego dos desempregados no mercado de traballo, por conta propia ou allea, e a adaptación da formación e recualificación para o emprego dos traballadores, así como aquelas destinadas a fomentar o espírito empresarial e a economía social.

As políticas definidas no parágrafo anterior deberán desenvolverse en todo o Estado, tendo en conta a Estratexia Europea de Emprego, as necesidades dos demandantes de emprego e os requirimentos dos respectivos mercados de traballo, de maneira coordinada entre os axentes de formación profesional e intermediación laboral que realizan tales accións, con obxecto de favorecer a colocación dos demandantes de emprego.

2. Estas políticas complementaríanse e relacionaríanse, de se-lo caso, coa protección por desemprego regulada no título III do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo

1/1994, do 20 de xuño. A acción protectora por desemprego a que se refire o artigo 206 do referido texto legal comprende as prestacións por desemprego de nivel contributivo e asistencial e as accións que integran as políticas activas de emprego.

Artigo 24. O enfoque preventivo das políticas activas de emprego.

1. De acordo coas directrices derivadas da Estratexia Europea de Emprego, nas cales se establece o tratamento preventivo das situacións de paro de longa duración e a teor da normativa reguladora dos fondos estruturais da Unión Europea, os servizos públicos de emprego orientarán a súa xestión para lles facilitar novas oportunidades de incorporación ó emprego ós desempregados antes de que estes pasen a unha situación de paro de longa duración.

2. A articulación dos servizos e políticas activas en favor dos desempregados ordenarana os servizos públicos de emprego nun itinerario de inserción laboral individualizado, en colaboración co demandante de emprego de acordo coas circunstancias profesionais e persoais deste.

3. Os demandantes de emprego deberán participar, de acordo co establecido nos seus itinerarios de inserción laboral individualizados, nas políticas activas de emprego, coa finalidade de melloraren as súas oportunidades de ocupación.

Artigo 25. Clasificación.

1. Os programas e medidas que integren as políticas activas de emprego orientaríanse e ordenaríanse pola súa correspondente norma reguladora, mediante actuacións que persigan os seguintes obxectivos:

- a) Informar e orientar cara á busca activa de emprego.
- b) Desenvolver programas de formación profesional ocupacional e continua e cualificar para o traballo.
- c) Facilitar a práctica profesional.
- d) Crear e fomentar o emprego, especialmente o estable e de calidade.
- e) Fomentar o autoemprego, a economía social e o desenvolvemento das pequenas e medianas empresas.
- f) Promover a creación de actividade que xere emprego.
- g) Facilitar a mobilidade xeográfica.
- h) Promover políticas destinadas á inserción laboral de persoas en situación ou risco de exclusión social.

No deseño destas políticas terase en conta de maneira activa o obxectivo da igualdade de trato entre homes e mulleres para garantir na práctica a plena igualdade por razón de sexo, así como o obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades e non-discriminación, nos termos previstos na letra a) do artigo 2 desta lei.

2. Os programas de formación profesional ocupacional e continua desenvolveríanse de acordo co establecido nesta lei, así como na Lei orgánica das cualificacións e da formación profesional e nas normas que se dicten para a súa aplicación.

Artigo 26. Colectivos prioritarios.

1. O Goberno e as comunidades autónomas adoptarán, de acordo cos preceptos constitucionais e estatutarios, así como cos compromisos asumidos no ámbito da Unión Europea, programas específicos destinados a fomentar o emprego das persoas con especiais dificultades de integración no mercado de traballo, especialmente mozos, mulleres, parados de longa duración maio-

res de 45 anos, discapacitados e inmigrantes, con respecto á lexislación de estranxeiría.

2. Tendo en conta as especiais circunstancias destes colectivos, os servizos públicos de emprego asegurarán o deseño de itinerarios de inserción que combinen as diferentes medidas e políticas, debidamente ordenadas e axustadas ó perfil profesional destes desempregados e ás súas necesidades específicas. Cando isto sexa necesario, os servizos públicos de emprego valorarán a necesidade de coordinación cos servizos sociais para lle dar unha mellor atención ó desempregado.

CAPÍTULO III

A coordinación entre as políticas activas e a protección económica fronte ó desemprego

Artigo 27. *A inscrición dos beneficiarios de prestacións como demandantes de emprego e a súa participación nas políticas activas de emprego.*

1. Os solicitantes e perceptores de prestacións e subsidios por desemprego deberanse inscribir e mante-la inscrición como demandantes de emprego no servizo público de emprego.

2. A inscrición como demandante de emprego realízase con plena dispoñibilidade para aceptar unha oferta de colocación adecuada.

3. As administracións públicas competentes na xestión de políticas activas garantirán a aplicación das políticas activas de emprego ós beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego, no marco do que se establece de acordo co previsto no artigo 14.2 desta lei. Para estes efectos, deberase atender mediante estas políticas, como mínimo, ó volume de beneficiarios proporcional á participación que estes teñan no total de desempregados do seu territorio.

4. Os beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego inscritos nos servizos públicos de emprego deberán participar nas políticas activas de emprego que se determinen no itinerario de inserción. As administracións públicas competentes deberán verificalo cumprimento das obrigas como demandantes de emprego dos beneficiarios de prestacións e subsidios por desemprego e deberanlle comunicalos incumprimentos desas obrigas ó Servizo Público de Emprego Estatal, no momento en que se produzan ou coñezan.

Artigo 28. *Cooperación e colaboración entre os servizos públicos de emprego que xestionan as políticas activas e o Servizo Público de Emprego Estatal en materia de protección económica fronte ó desemprego.*

1. As administracións e os organismos públicos que teñan atribuída a competencia da xestión do emprego e o Servizo Público de Emprego Estatal deberán cooperar e colaborar no exercicio das súas competencias garantindo a coordinación das distintas actuacións de intermediación e inserción laboral e as de solicitude, recoñecemento e percepción das prestacións por desemprego, a través dos acordos que se adopten en conferencia sectorial e dos convenios de colaboración que se alcancen, en aplicación do previsto nos artigos 5 e 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Nese marco fixarase a conexión dos procesos de xestión e dos sistemas de información relacionados; a colaboración na execución das actividades; a comunicación da información necesaria para o exercicio das respectivas competencias; a prestación integrada de ser-

vicios ós demandantes de emprego solicitantes e beneficiarios de prestacións por desemprego, e a aplicación de intermediación, de medidas de inserción laboral e de plans de mellora da ocupabilidade e de comprobación da dispoñibilidade do colectivo.

Disposición adicional primeira. *Identificación do Servizo Público de Emprego Estatal.*

O Instituto Nacional de Emprego pasa a denominarse Servizo Público de Emprego Estatal, conservando o réxime xurídico, económico, orzamentario, patrimonial e de persoal, así como a mesma personalidade xurídica e natureza de organismo autónomo da Administración xeral do Estado, coas peculiaridades previstas nesta lei.

En consecuencia co anterior, tódalas referencias que na lexislación vixente se efectúan ó Instituto Nacional de Emprego ou ás súas funcións e unidades deben entenderse realizadas ó Servizo Público de Emprego Estatal.

Disposición adicional segunda. *Empresas de traballo temporal.*

As empresas de traballo temporal axustarán a súa actividade ó establecido na súa normativa reguladora.

Disposición adicional terceira. *Colaboración en materia de información cos servizos públicos de emprego.*

Tódolos organismos e entidades de carácter público e privado estarán obrigados a lle facilitar ó Servizo Público de Emprego Estatal e ós servizos públicos de emprego das comunidades autónomas cantos datos lles sexan solicitados en relación co cumprimento dos fins que lles son propios, respectando o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Disposición adicional cuarta.

Os programas financiados con cargo á reserva de crédito establecida no seu orzamento de gastos, a execución dos cales afecte a un ámbito xeográfico superior ó dunha comunidade autónoma sen que implique a mobilidade xeográfica dos desempregados ou traballadores participantes neles, poderán ser xestionados polo Servizo Público de Emprego Estatal cando precisen unha coordinación unificada e logo de acordo entre o Servizo Público de Emprego Estatal e as comunidades autónomas nas que se vaian executa-los citados programas.

Disposición adicional quinta. *Plan integral de emprego de Canarias.*

Considerando a situación económica, social e laboral de Canarias, dada a súa condición de rexión ultraperiférica derivada da súa insularidade e afastamento recoñecida polo artigo 138.1 da Constitución e polo artigo 299.2 do Tratado da Unión Europea e, respecto das axudas dos fondos estruturais, polo artigo 3.1 do Regulamento (CE) n.º 1260/1999 do Consello, do 21 de xuño de 1999, para incrementa-lo emprego no seu territorio, o Estado poderá participar no financiamento dun Plan integral de emprego que se dotará, de forma diferenciada, no estado de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal, para a súa xestión directa por tal comunidade autónoma, non integrado na reserva de crédito a que se refire o artigo 13.e) desta lei e que será independente da asignación dos fondos de emprego de ámbito nacional, regulados no artigo 14, que lle corresponda.

Disposición transitoria primeira. *Entidades que colaboran na xestión do emprego.*

As entidades que no momento da entrada en vigor desta lei colaboren cos servizos públicos de emprego manterán tal condición de acordo coa normativa en virtude da cal se estableceu a colaboración, mentres non se desenvolva regulamentariamente un novo réxime de colaboración cos servizos públicos de emprego. Esta regulación establecerá os requisitos mínimos das entidades para colaborar na xestión, sen prexuízo do desenvolvemento que en cada comunidade autónoma se poida facer dela.

Disposición transitoria segunda. *Xestión de políticas activas polo Servicio Público de Empleo Estatal.*

O Servicio Público de Empleo Estatal xestionará as políticas activas de emprego relativas á intermediación e colocación no mercado de traballo, fomento de emprego no ámbito estatal, formación profesional e continua, mentres a súa xestión non fose obxecto de transferencia ás comunidades autónomas.

Disposición transitoria terceira.

Mentres subsistan as actuais taxas de ocupación e de paro respecto da poboación activa feminina, os poderes públicos deberán organiza-la xestión das políticas activas de tal forma que o colectivo feminino se beneficie da aplicación de tales políticas nunha proporción equivalente ó seu peso no colectivo dos desempregados.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó establecido nesta lei e, expresamente, os artigos vixentes da Lei 51/1980, do 8 de outubro, básica de emprego.

Disposición derradeira primeira. *Títulos competenciais.*

Esta lei dítase ó abeiro do establecido nos puntos 1.1.^a, 1.7.^a e 1.17.^a do artigo 149 da Constitución. O artigo 13.e) dítase ó abeiro do que establece o artigo 149.1.13.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e o desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Recursos do Sistema Nacional de Empleo.*

Co fin de asegura-lo cumprimento dos fins do Sistema Nacional de Empleo, os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán por que os servizos de emprego creados nesta lei estean dotados co persoal que en cada momento resulte necesario para o desempeño das funcións que a lei lles encomenda.

Disposición derradeira cuarta. *Convenios de colaboración entre o Servicio Público de Empleo Estatal e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas para o financiamento de gastos compartidos, correspondentes á xestión estatal de prestacións por desemprego que non impliquen a ampliación do custo efectivo traspasado ás comunidades autónomas.*

De conformidade cos principios propugnados nesta lei sobre cooperación e colaboración entre os servizos

públicos de emprego das comunidades autónomas e o Servicio Público de Empleo Estatal, o Servicio Público de Empleo Estatal financiará, con cargo ó seu orzamento, os gastos compartidos que eventualmente se poidan producir na rede de oficinas de emprego de titularidade traspasada ás comunidades autónomas, imputables á prestación de servizos do persoal xestor das prestacións por desemprego.

O financiamento destes gastos, que terá carácter ocasional, non implicará a ampliación do custo efectivo dos medios traspasados ás comunidades autónomas da competencia da xestión realizada polo Instituto Nacional de Empleo no ámbito do traballo, o emprego e a formación, articulándose a través de convenios de colaboración, nos cales se determinará a achega económica do Servicio Público de Empleo Estatal correspondente ós gastos compartidos, derivados da xestión das prestacións por desemprego no ámbito territorial das comunidades autónomas.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de decembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23103 *LEI 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.* («BOE» 301, do 17-12-2003.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

O artigo 149.1.18.^a da Constitución atribúelle ó Estado a competencia exclusiva para establece-las bases do réxime xurídico das administracións públicas. Esta competencia materializouse, polo que á Administración local se refire, coa promulgación da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LRBRL), sen prexuízo da existencia doutras normas básicas noutros textos normativos, como ocorre con algúns dos preceptos do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

A LRBRL seguiu substancialmente o modelo tradicional de Administración local española, especialmente polo que ós municipios se refire, e isto faise patente en aspectos tan relevantes coma o sistema orgánico-funcional ou as competencias das entidades locais. A dita lei, por outra parte, foi obxecto de numerosas reformas parciais, a máis importante delas, sen dúbida ningunha, a operada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, dentro das medidas para o desenvolvemento do goberno local, impulsadas polo Goberno da Nación no marco do denominado «Pacto local».